XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

OFICIO

n/ref.: XRT

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
13 FEB. 2012
REXISTRO
SAÍDA N.º 0456

Asunto: envío de informe de impacto de xénero

Achégolle o informe de impacto de xénero emitido en relación ao *"Anteproxecto de lei de estradas de Galicia""*

Santiago de Compostela, 10 de febreiro do 2012

A subdirectora xeral de Xestión Técnico Administrativa e Orzamentaria

XUNTA DE GALICIA · PRESIDENCIA·SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Fe Alvedro Riveiro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DA LEI DE ESTRADAS DE GALICIA

A Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo único, apartado 2 da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, emite o seguinte **informe de impacto de xénero**

PRIMEIRO. PERTINENCIA DO INFORME.

Segundo o disposto polo artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa lexislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto por razón de xénero que poidan ter as medidas que se establezan na mesma. Deste xeito o informe de impacto de xénero constitúese como unha ferramenta para a intervención a favor da igualdade de oportunidades dende as políticas xerais, sendo unha forma de implantar e desenvolver a estratexia da transversalidade de xénero, cumprindo así tamén o establecido no artigo 6 da citada Lei 7/2004, onde se establece que "coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade co Estatuto de Autonomía".

O anteproxecto de Lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto, segundo se establece no artigo primeiro, regular o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, establecendo os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección daquel. Dado o carácter específico deste proxecto normativo non se considera procedente realizar recomendacións sobre a integración da perspectiva de xénero, agás no referido á utilización dunha linguaxe non sexista no texto.

SEGUNDO. ERRADICACIÓN DO SEXISMO NA LINGUAXE NORMATIVA

Os artigos 17 e 18 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, e o artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecen a obrigatoriedade da "implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo".

De acordo con isto emítense unha serie de recomendacións para substituír a utilización exclusivamente masculina polas formas neutras ou polos dous xéneros:

- Utilízase "dos usuarios", "dos cidadáns usuarios", "os usuarios", "polo usuario", "o usuario" "ós usuarios" (exposición de motivos, artigos 7, 30, 59) e recoméndase "dos/as usuarios/as", "da cidadanía usuaria", "os/as usuarios/as", "ós/ás usuarios/as" ou a utilización de "persoas usuarias".
- Utilízase "ós propietarios expropiados", "os seus propietarios", "do propietario expropiado sempre que este o solicite, " do expropiado" "os propietarios", "ó propietario", "polo seu propietario" (exposición de motivos,artigos 28,38, 61, disposición adicional primeira) e recoméndase "ós/ás propietarios/as expropiados/as"; "os/as seus/súas propietarios/as", "do/a propietario/a" expropiado/a sempre que este/a o solicite", "os/as propietarios/as", "ó/á propietario/a", "polo/a seu/súa propietario/a".

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

- Utilízase "dos administrados" (artigo 20) e recoméndase "dos/as administrados/as"
- Utilízase "ó seu titular orixinario", "os seus titulares están obrigados", "os titulares", "ó titular"(artigos 20, 32, 38, 42, 61) e recoméndase "ó/á seu/súa titular orixinario/a", "os seus/súas titulares están obrigados/as", "os/as titulares", "ó/á titular".
- Nos artigos 56 e 64 dise "ó causante", "o causante" ou "do causante" e recoméndase "ó/á causante" e "o/a causante" e "do/a causante".
- Nos artigos 60, 62,65 e 67 dise "ós responsables", "os responsables" e "do responsable", "dos distintos responsables" e recoméndase "ós/ás responsables", "os/as responsables" ,"do/a responsable", "dos/as distintos/as responsables".
- Utilízase "ó infractor", "do infractor", "polo infractor" (artigos 62,63,64) e recoméndase "ó/á infractor/a", "do/a infractor/a", "polo/a infractor/a.
- No artigo 61 dise "o técnico director" e recoméndase "o/a técnico/a director/a"
- No artigo 66 dise "ó sancionado" e recoméndase "ó/á sancionado/a"
- No artigo 75 dise "do instrutor" e "un instrutor"

Santiago de Compostela, 10 de febreiro do 2012

A secretaria xeral da Igualdade

XUNTA DE GALICIA · PRESIDENCIA · SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella